



Concello de Oza-Cesuras

D./ D^a/ _____
con DNI _____ e enderezo en _____
_____, teléfono _____ email _____

EXPON:

Informado sobre o “Programa de Fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural 2019) – 2019), desexa participar no proceso selectivo para a contratación laboral de **dous oficiais forestais durante 9 meses a xornada completa** dentro do cadro de persoal que executarán o programa denominado “Traballos de silvicultura, limpeza, desbroce e valorización forestal de pistas, masas e espazos públicos de Oza-Cesuras” ao abeiro da subvención concedida pola Xunta de Galicia.

Que reúne os requisitos esixidos na base 2.1 a), b), c), d) e e) das que rexen o proceso selectivo.

Que está incluído nalgún dos **colectivos con especiais dificultades de inserción laboral** e, se for o caso, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional (que no seu caso, acreditarase mediante informe emitido polo SPE), que terán preferencia (1):

Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. Acreditarase mediante copia cotexada da orde de protección ou informe do Ministerio Fiscal, certificación dos servizos sociais da administración competente ou do centro de acollida, ou por resolución xudicial.

Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. Acreditarase con fotocopia do DNI e certificado de vida labora.

Persoas paradas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego. Acreditarase mediante copia cotexada da certificación expedida polo organismo competente relativa ao tempo no que o aspirante ao posto de traballo leva anotado no paro expedido polo organismo competente.

Persoas con discapacidade: aquelas que teñen recoñecida pola administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade acreditaranse con copia cotexada da certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.

Persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. Acreditarase mediante certificado emitido polo SEPE.

Persoas desempregadas maiores de 45 anos. Acreditarase con fotocopia do DNI.

Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia. Acreditarase mediante informe expedido polos servizos sociais municipais do seu concello de residencia habitual ou no caso da **RISGA** mediante Resolución de concesión e/ou renovación da Consellería de Política Social.

Que non foi contratado por un período igual ou inferiro a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2018 pola Consellería de Económica, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

Que acepta expresamente o contido das bases para a contratación das persoas que cubrirán o



Concello de Oza-Cesuras

cadro de persoal para o “Programa da Deputación Provincial de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais – anualidade 2019” e en concreto, que coñece que non serán valorados os méritos que non se acrediten do xeito indicado nas mesma.

E, **SOLICITA:**

Ser admitido no procedemento da citada contratación laboral para o que en cumprimento do establecido nas bases 4ª b) e c) das bases reguladoras da contratación,

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que reúne os requisitos esixidos para poder optar á/s praza/s anteriormente sinalada/s. En concreto:

- Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que opta.
- Que non ten sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin se encontra en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

E achega a seguinte **DOCUMENTACIÓN:**

- a) Fotocopia auténtica ou cotexada do DNI ou documento equivalente ao país da UE.
- b) Copia cotexada da tarxeta de figurar inscrito/a como demandante de emprego no Servizo Público de Galicia.
- c) Documentación acreditativa de estar incluído/a nalgunha das situacións de exclusión social esixidas na base 2ª.1 f) das que rexen o proceso e que se deben indicar no parágrafo segundo do expositivo da presente solicitude (1) .
- d) Acreditación dos méritos indicados na base 7ª ao obxecto da súa valoración na fase de concurso:
 - Documento/s acreditativo/s da realización de programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas.
 - Orixinais ou copias cotexadas dos correspondentes contratos laborais e informe de vida laboral actualizado** expedido pola Seguridade Social ou organismo oficial, ou mediante a correspondente certificación, no caso das Administracións Públicas.
 - Copia cotexada do permiso de circulación

AUTORIZO: Ao Concello de Oza-Cesuras a comprobar cantos datos sexan necesarios nos distintos rexistros dos correspondentes organismos públicos, conforme ao previsto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

En Oza- Cesuras, a _____ de _____ de 2019

Asdo: